

**creativa**

INDUSTRIA CULTURAL  
GALICIA – NORTE DE PORTUGAL

# FORO CREATIVA

2010

As industrias culturais de  
Galicia e do norte de Portugal  
en tempos de crise. Retos,  
recursos e modelos de éxito

E ADEMAIS

**CONCERTOS**

**EXPOSICIÓNS**

**OBRADOIROS**

**MICROFESTIVAIS**

CULTURGAL 2010

PAZO DA CULTURA  
DE PONTEVEDRA

26, 27 E 28 NOVEMBRO

XUNTA DE GALICIA

CREATIVA, o programa da UE financiado cos fondos Feder e impulsado pola Axencia Galega das Industrias Culturais da Consellería de Cultura e Turismo e a Direcção Regional de Cultura do Norte do Ministerio de Cultura portugués, encara a última parte dunha traxectoria de catorce meses de intensa actividade para a dinamización e o intercambio entre as industrias culturais da eurorexión, idea que preside o desenvolvemento do programa europeo POCTEP no que CREATIVA se integra.

No inicio do final desta travesía, CREATIVA realiza unha importante etapa ao lado de Culturgal, con quen xunta esforzos, estratexias, protagonistas e mesmo públicos, para brindar un novo abano de oportunidades de exhibición artística e de encontro profesional entre as dúas beiras do Miño.



# FORO CREATIVA

As industrias culturais de Galicia e do norte de Portugal en tempos de crise. Retos, recursos e modelos de éxito

**Foros abertos ao público xeral.  
Acceso libre ata completar a capacidade.**

Información en:

[www.culturgal.com](http://www.culturgal.com)

[foro@culturgal.com](mailto:foro@culturgal.com)

e nos teléfonos: 986 410 476 • 881 162 336

## Foro Audiovisual

### **Futuro, retos, financiamento e experiencias de éxito no sector audiovisual**

O sector audiovisual atópase nun momento de cambio. A crise económica e a irrupción das tecnoloxías dixitais en todo o proceso audiovisual obrigan ás empresas a adaptar o modelo de negocio e a tecnoloxía a un contorno descoñecido e cambiante. Os novos soportes e dispositivos facilitan a experimentación cos formatos e coas técnicas de narración audiovisual e a industria adáptase para seguir o ritmo veloz que está a mudar os hábitos de consumo. Ao mesmo tempo, o contexto económico obriga ás empresas produtoras a procurar novas fontes de financiamento para os seus proxectos e a reducir os orzamentos dun xeito máis que notable. A análise da situación actual e a busca de novas oportunidades de desenvolvemento son asuntos centrais neste foro profesional aberto ao público xeral, organizado por AGAPI.

**Venres 26 de novembro**

10.00-11.30 h

### **Futuro e retos do sector audiovisual galego**

Modera: Dolores Ben, presidenta de AGAPI

- o Anxo Quintanilla, director xerente do Consorcio Audiovisual de Galicia
- o Fernando Madriñán, director de emisións e programas da Televisión de Galicia
- o Antonio Varela, director de Pórtico Audiovisuais
- o Pancho Casal, presidente de Continental Producciones

11.30-12.00 h: Pausa café

12.00 – 13.00 h

### **Financiamento da produción audiovisual**

Modera: Ignacio Vilar, director de Vía Láctea Filmes

- o Pedro Caldas, subdirector de programas de acceso ao crédito IGAPE
- o Susana Serrano, directora de Audiovisual Aval SGR
- o Chelo Loureiro, directora de Abano Producións
- o Javier Carral, director corporativo de investimentos de CXG Corporación Caixa Galicia
- o Representante do FICA-Portugal (Fundo de investimento para o cinema e o audiovisual)

13.00-14.15 h

### **Experiencias do talento audiovisual galego**

Modera: Mara Gutiérrez, directora de Mara Producciones

- o Rubén Riós, actor
- o Zeltia Montes, compositora
- o Sandra D. Frantz, directora artística
- o Luis Avilés, guionista e realizador
- o Juan Pablo Etcheverry, director e artista
- o Jorge Morais, director

## Foro Edición

### **A Biblioteca de Medellín: paradigma de intervención cultural dos poderes públicos**

A Asociación Galega de Editores, na liña do VII Simposio 'O fomento da lectura: unha fronteira para o libro', deseñou un programa que persegue a implicación das esferas culturais e político-sociais que teñen entre as súas responsabilidades o artellamento e o desenvolvemento de políticas destinadas a fomentar os hábitos lectores entre a cidadanía. O foro pretende darlle pulo ao deseño de programas e proxectos de novos instrumentos de promoción e difusión da lectura, así como ao investimento e organización dos recursos xa existentes. A importancia da Rede de Bibliotecas de Medellín, modelo de intervención políticocultural reconecido en todo o mundo, centra o foro na promoción e na difusión desa realidade, así como no debate e análise dos beneficios sociais dese tipo de intervencións públicas.

**Venres 26 de novembro**

10.00-12.00 h

Modera: Manuel Bragado, presidente da AGE

**As Bibliotecas de Medellín: Paradigma de intervención cultural dos poderes públicos**, a cargo de Luis Miguel Usuga Samudio, secretario de Cultura da cidade de Medellín.

**A experiencia da Rede de Bibliotecas e o seu portal como programa de inclusión dixital e transformación social**, a cargo de Carolina Jaramillo, comunicadora e xornalista da rede de Bibliotecas da Área Metropolitana de Medellín.

## Foro Artes Escénicas

### **Mercadotecnia de distribución, axudas á produción e á distribución e Feiras do Estado**

Algunhas das máis importantes preocupacións no sector das artes escénicas concréntanse nas políticas de produción e distribución. Ambas as dúas marchan xuntas e inseparables, xa que sen unha distribución que achegue o produto ao maior número de espectadores, a creación artística e a produción deixarían de ter a súa primeira razón de ser. Por iso, aproveitando o marco de do Foro Creativa, Escena Galega propicia tres relatorios nos que profesionais de contrastado prestixio e nivel nacional e internacional expoñen fórmulas de éxito contrastado noutros lugares. As axudas á produción e distribución tanto autonómicas e estatais coma comunitarias, os modelos de produción de espectáculos en Portugal e o estudo económico sobre as feiras do Estado que invita a unha madura reflexión acerca do papel das feiras son os principais ámbitos temáticos que se abordan neste foro de artes escénicas.

**Sábado 27 de novembro**

10.00-12.00 h

A produción de espectáculos en Portugal. As novas redes de distribución.

Axudas á produción e distribución autonómicas, estatais e comunitarias.

Para qué serven as Feiras. Estudo económico sobre as feiras do Estado.

Presenta e coordina: Xosé Manuel Rabón.

- Zé Paredes, director de escena e actor
- Xavier Marcé, vicepresidente de Focus e exdirector do Instituto Catalán das Industrias Culturais
- Mariano de Paco, presidente da Coordinadora de Feiras de Artes Escénicas do Estado

## Foro Música

### O sector musical como fonte de xeración de emprego e recuperación económica

AGAPHONO e AGEM propician neste foro aberto ao público o encontro dos distintos axentes do sector musical para elaborar unha radiografía do seu presente e para debater sobre o seu futuro. No difícil contexto da crise económica, a industria da música ten que afrontar o desafío dos cambios tecnolóxicos e outros retos como a superación da dependencia institucional e a busca de novos espazos de crecemento. A industria musical galega, integrada pola produción e edición fonográfica, a creación, a contratación e xestión de eventos musicais, o management, etc. fai chegar ao público unha das nosas máis importantes manifestacións culturais. A cooperación empresarial e unha abordaxe correcta dos actuais desafíos permitirán que o tecido empresarial da música siga crecendo e creando emprego, así como a súa propia reivindicación como sector estratéxico da industria cultural.

#### Sábado 27 de novembro

10.00 h-12.00 h

Modera: Belén Regueira

- o Franciso Javier Viéitez Cendón, vicepresidente de AGEM
- o Sergio Lago, representante de Aghapono
- o Raúl Abeledo, economista
- o Leo García-Boadilla Prósper, avogado
- o Félix Lozano, ideólogo
- o Juan Carlos Fernández Fasero, director da Agadic
- o Joaquim Balas, representante da Asociación Profesional Música PT

## Foro Transversal

### Feiras multidisciplinares de éxito

Representantes das feiras máis sinaladas da península falan dos modelos de feira e abordan a situación actual e futura das feiras multidisciplinares, coa análise dos pros e os contras da especialización e da multidisciplinidade, así como a conveniencia de dirixirse ao público profesional ou ao público xeral.

#### Sábado 27 de novembro

12.30 h-14.30 h

Modera: Belén Regueira

- o Jon Irazabal, director da Feira do libro e do disco de Durango
- o Izaskun Ellakuriaga, responsable de comunicación da Feira do libro e do disco de Durango
- o César Guisado, membro do equipo directivo da Monkey Week
- o Miguel Freitas da Costa, secretario xeral da Apel (Feira do Livro de Lisboa e Porto)

## Foro Transversal

### Oficinas de intercambio artístico entre Brasil e Galicia. Expectativas de exportación.

A industria musical galega está percorrendo nos últimos anos un fondo proceso de estruturación liderado polas asociacións sectoriais que, desde 2007, veñen realizando o esforzo de crear un marco de futuro profesional que sexa quen de competir na actual conxuntura social e económica. Nesta tarefa, a chegada a Galicia de representantes dos gobernos de Brasil e Minas Gerais, así como do sector profesional musical do país, supón a culminación dun proceso onde se pretende identificar sinerxías e puntos de encontro para as relacións culturais entre Galicia e Brasil. O obxectivo do foro é tentar averiguar por que Galicia e Brasil se necesitan, en que se poden axudar e que aspectos culturais comparten.

#### Sábado 27 de novembro

17.00 h

Introdución: Xabier Alonso

- o Makely Ka, artista e directivo da Cooperativa de Música de Minas Gerais (Brasil)
- o Rosemarie Pidner, axente e productora
- o Flávia Mafra, manager de Kiko Klaus
- o Representantes e membros de Agaphono e Agem

## CONCERTOS CREATIVA

### Música na recámara. Galicia.Pt.Br

#### **Kiko Klaus + Érika Machado**

Venres 26 de novembro

Auditorio do Pazo da Cultura

21.00 h

#### **Érika Machado**

De nena soñaba con ser científica, formouse como artista plástica e, aínda que adoraba cantar, nunca pensou acabar levando vida de carricanta. Comezou facendo música como parte de proxectos artísticos de intervención urbana. Un deles, 'O Baratinho', gravado no seu propio cuarto, fixo barullo abondo para que en 2006 lanzase o seu primeiro disco de verdade, 'O Cimento', producido por Pato Fu. Nesta experiencia coñeceu persoas que admiraba, chegou a lugares aos que nunca fora e xuntou forzas para inventar o seu segundo álbum, 'Bem Me Quer Mal Me Quer'.

[www.erikamachado.com.br](http://www.erikamachado.com.br)

#### **Kiko Klaus**

Cantante, compositor e produtor musical de Pernambuco, radicado en Belo Horizonte. En 2008 lanzou o seu primeiro disco en solitario, 'O Vivido e o Inventado', que recibiu importantes eloxios da crítica nacional e internacional. O xornal 'O Estado' seleccionouno como un dos quince mellores lanzamentos dese ano e a revista 'Dig This Real' de Nova York definiuno como un dos artistas máis creativos e prometedores da nova escena brasileira, dono dun estilo único e unha gran voz. A súa música mestura organicamente e con delicadeza raíces afro-brasileiras como o maracatu, a ciranda, a samba e as percusións de Umbanda e Candomblé, con flamenco, rock, soul e electrónica.

[www.kikoklaus.com.br](http://www.kikoklaus.com.br)

#### **Deolinda + Xosé Manuel Budiño**

Sábado 27 de novembro

Auditorio do Pazo da Cultura

21.00 h

#### **Deolinda**

**O fado máis alegre reinventado con humor e moito ritmo**

O seu nome é Deolinda e ten idade abonda para saber que a vida non é tan fácil como parece. Compón entre as cortinas, inspirada polos discos do seu avó e as vidas estrañas dos veciños. Deolinda é un grupo formado en 2006 por catro mozos que saltan todos os clichés do fado: non usan guitarra portuguesa, fan música para bailar e a súa cantante, Ana Bacalhau, viste roupas coloridas. E aínda así son fado e moito máis que fado. Un orixinal proxecto que sorprendeu dentro e fóra de Portugal co aclamado 'Canção ao lado'. Agora presentan o seu último disco, 'Dois selos e um carimbo'.

[www.deolinda.com.pt](http://www.deolinda.com.pt)

#### **Xosé Manuel Budiño**

**Unha viaxe por todo o globo da man do gaitreiro galego máis innovador**

Bos Aires, México, Oriente Medio, Europa, Ortigueira... 'Volta' é o novo traballo de Xosé Manuel Budiño, baseado nunha road movie conceptual coa que percorreremos os catro continentes nos que o magnífico compositor e multi-instrumentista galego participou nos últimos anos e que culmina co seu concerto na pasada edición do Festival Celta máis coñecido e concorrido do mundo. Unha experiencia única, un camiñar no que poderemos revisar as pezas máis representativas da súa carreira, desde o referencial 'Paralaia' ata 'Revolución', pasando por 'Zume da Terra' ou 'Home', tamizada esta vez por unha reinterpretación contemporánea e conducida por todo o poder e a intensidade que require un espectáculo en vivo.

[www.xosemanuelbudino.com](http://www.xosemanuelbudino.com)

## EXPOSICIÓNS

### SopORTE sonoro

Cen anos capturando  
música en Galicia

26, 27 e 28 de novembro

Pazo da Cultura de Pontevedra

11.00 a 21.00 h

- As orixes da música gravada: o fonógrafo e o gramófono
- Gravación e reprodución amplificada: a cinta magnetofónica
- Máis música, menos interferencias: o microsucro

A exposición 'SopORTE sonoro' propón un percorrido pola historia da gravación e reprodución sonora a través da variedade de aparellos e formatos, do cilindro de cera ao disco compacto, do fonógrafo ao radiocasete, que permitiron a expansión popular de sons e melodías. E traza, ademais, un itinerario no que atopamos persoas e ideas que posibilitaron que a gravación, reprodución e arquivo do son sexan para nós realidades cotiás, como Pedro Ferrer, o fotógrafo responsable das primeiras referencias discográficas galegas, ou Juan Portela Seijo, inventor do magnetófono de fío de aceiro no ano 1939, un aparello pequeno e portátil que se converteu no primeiro gravador autóctono, ou as recolleitas de Alan Lomax.

'SopORTE sonoro' conclúe, xa en pleno século XXI, co penúltimo chanzo da revolución do disco compacto. Os consumidores teñen ao seu alcance unha ampla variedade de formatos e sopORTes dixitais: desde o DVD, ao CD-R e aos recentes formatos comprimidos MP3, provocando un descenso de vendas considerable do tradicional CD, mentres que o outrora repudiado formato analóxico recupera vendas e presenza no mercado. Unha fonda convulsión percorre a espiña dorsal da industria musical, alimentada polas estratexias de mercado do mundo occidental.

As pezas expostas proceden na súa maioría da colección de Ernesto Romero. O magnetófono de Juan Portela Seijo foi cedido pola súa familia. Inclúense tamén pezas cedidas pola Escola Sinsal.

### Álbums animados

26, 27 e 28 de novembro

Pazo da Cultura de Pontevedra

11.00–21.00 h

Unha exposición que explica os diferentes sopORTes e linguaxes (oral, escrita, ilustrada e audiovisual) nas que un conto pode cobrar vida. As ilustracións de libros de OQO permiten coñecer o salto do conto oral ao álbum ilustrado; como desde a palabra se crea a imaxe e como esta acaba creando unha narrativa propia que enriquece o texto.

Na mostra exhibense ilustracións de 'O día en que a mamá se lle puxo cara de teteira' (Raquel Saiz & João Vaz de Carvalho), 'A incríbel historia da nena paxaro e o galopín' (Anna Castagnoli & Susanne Janssen), 'A princesa do Caurel' (Patacrúa & Javier Solchaga) e 'Chocolata' (Marisa Núñez & Helga Bansch). A vida dun conto non remata na marxe das páxinas dos libros. Pódese facer que cobre vida de moitas maneiras. Unha delas é convertelo nun filme. Desde a fidelidade ao proxecto editorial, OQO Filmes aposta pola realización de adaptacións dos libros a formato audiovisual a través da animación. O imaxinario infantil atopa nesta proposta un novo soporte sobre o que seguir tecendo elementos de fascinación ante a mirada do pequeno espectador. Outro xeito de reconstituír o camiño clásico de achegarse aos contos.

### Maquetas de Jack Mircala

26, 27 e 28 de novembro

Pazo da Cultura de Pontevedra

11.00–21.00 h

El Patito Editorial acaba de publicar o libro 'Lóbrego romance, pálida pantasma' de Jack Mircala e con este motivo quere amosar o peculiar universo creativo deste autor para compoñer as ilustracións, ofrecéndonos unha mostra das perfeccionadas maquetas que este autor fai con cartolinas de cores para ilustrar os seus libros. Un delicado traballo de composición, que logo fotografía. A súa obra é de gran feita plástica e trasládanos a un mundo romántico ateigado de paisaxes fragosas, cantís esgrevios, meigallos eternos e todo cun halo de melancolía ao que non é alleo o imaxinario da literatura gótica. Son as ilustracións máis axeitadas para o mes do Samaín.  
[www.elpatitoeditorial.com/gl](http://www.elpatitoeditorial.com/gl)

## OBRADOIROS

### Eu tamén animo!, con OQO Filmes

Venres 26 de novembro, 18.00 h

Sábado 27 de novembro, 11.00 h

A partir dun conto de OQO Editora, e coa técnica de stop motion, desenvolverase a animación da obra, imaxe, voz e música para converter o conto nun filme. Ao final do taller, coas secuencias realizadas cos grupos de traballo en cada unha das sesións, confeccionarase o filme enteiro. Nestes obradoiros prácticos, os asistentes recibirán información sobre as técnicas tradicionais de animación e gravación de son.

[www.oqo.es](http://www.oqo.es)

### Game over

O pasado, presente e futuro da tecnoloxía a través da historia dos videoxogos

Sábado 27 de novembro, 17.00 h

Domingo 28 de novembro, 11.00 h

Eganet ofrece unha completa mostra dos últimos avances e novidades mundiais no eido da tecnoloxía aplicada á cultura, achegando información sobre as novidades en videoxogos, ferramentas web e aplicacións informáticas e proporcionándolle ao público asistente a posibilidade de interactuar coas ferramentas tecnolóxicas máis novas e sorprendentes: o xogo Jedi Trainer, no que o xogador debe controlar coa mente os movementos dunha bóla, e o casco Neurosky Headset, que permite manexar unha personaxe en función da concentración e a meditación do xogador. Ademais, mediante un proxector compatible con 3D e unhas gafas nVidia, as persoas que se acheguen ata o stand de Eganet poderán probar a sensación de xogo tridimensional.

[www.eganet.org](http://www.eganet.org)

### Malabares, con asSircopatas

Sábado 27 de novembro, 16.30 h

Levan dende 2003 facendo espectáculos de circo de rúa. O paso dos anos levounos á ambivalencia entre os espazos exteriores e interiores, e dende 2005 móvense por festivais coma Festiclown, d'Gorra, Manicómicos, Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, Compostela Carpa Cabará, Cerka'l Festival, Les Fritillaires, Copiii Circului, Imaginarius, Fervesteiro, Festivalinho e moitos máis, percorrendo Galicia, Portugal, Cataluña, Euskadi, Romanía e Francia.

[www.myspace.com/assircopatas](http://www.myspace.com/assircopatas)

### Obradoiro de danzas do mundo 'Zampadanzas'

Sábado 27 de novembro, 18.00 h

Edicións do Cumio presenta un divertido obradoiro impartido por Mercedes Prieto a partir do libro 'Zampadanzas', un compendio de danzas do mundo unidas polo fio dun pequeno e lírico conto: a historia dun co-ciñeiro que aprende, pouco a pouco, a bailar viaxando por diferentes países.

Tomaranse as explicacións que achega o libro para aprender coreografías de Galicia, Portugal, Dinamarca, Brasil, México, Irlanda, Xapón, Bélxica e Cataluña. Cada danza vai acompañada da súa correspondente canción e unha mostra da coreografía en vídeo.

[www.cumio.com](http://www.cumio.com)

### Laboratorio de sons

Sábado 27 de novembro

11.00, 12.00 e 13.00 h

O laboratorio de sons da Aula Folque Infantil do Centro Galego de Música Popular, aCentral Folque, traslada por un día a súa actividade ao Pazo da Cultura de Pontevedra. Oa asistentes realizarán exercicios de improvisación, exploración sonora con instrumentos non convencionais, desenvolvemento de paisaxes sonoras, creación e gravación dunha escena musical, tendo en conta o espazo no que se sitúan, a súa musicalidade, oralidade e as súas posibilidades sonoras. Ao remate da actividade presentarse unha intervención artística como mostra do traballo levado a cabo durante a sesión.

[www.folque.com](http://www.folque.com)



## Baile-Xogos

**Domingo 28 de novembro, 11.00 h**

Obradoiro de baile tradicional galego para aprender a danzar xogando. Impartido por Luis Prego, baséase no libro 'Para cantar e bailar', de Edicións do Cumio, unha guía con xogos e bailes procedentes da tradición galega, pero adaptados aos tempos de hoxe.

[www.cumio.com](http://www.cumio.com)

## Pèsdelán

**Domingo 28 de novembro, 17.00 h**

Disposto a recuperar a cultura participativa das festas, este curioso grupo de músicos pretende non descansar ata poñernos a todos a bailar. Déixate levar polos ritmos de Galicia e Portugal nunha proposta nova que pretende recuperar o espírito participativo das festas.

Pesdelán é froito da unión de reputados músicos, bailadores e mestres de coñecidas formacións musicais, como Leilía, Xochilmica e Susana Seivane Grupo. O seu repertorio abrangue temas tradicionais galegos e portugueses, arranxados dun xeito divertido e orixinal.

[www.myspace.com/pesdelan](http://www.myspace.com/pesdelan)

[www.merlobranco.com](http://www.merlobranco.com)

[www.kalandraka.com](http://www.kalandraka.com)

## Ilustración, con Jack Mircala

**Domingo 28 de novembro, 17.00 h**

El Patito Editorial acaba de publicar o libro 'Lóbrego romance, pálida pantasma' de Jack Mircala e con este motivo quere amosar o peculiar proceso creativo deste autor para compoñer as ilustracións. Mircala amosará nestes obradoiros como fai as súas perfeccionadas maquetas con cartolinas de cores que logo fotografía. Un traballo de gran feitura plástica que nos traslada a un mundo romántico ateigado de paisaxes fragosas, cantís esgrevios, meigallos eternos e todo cun halo de melancolía ao que non é alleo o imaxinario da literatura gótica.

<http://www.elpatitoeditorial.com/gl>

## Contos, con Baobab Teatro

**Domingo 28 de novembro, 18.00 h**

Andrea Bayer, ex compoñente da compañía Galitooon, e autora e directora de espectáculos como 'Golulá', 'Babiliglub', 'Rosalía, a pulga que escribía', 'Axóuxeres 2008', 'A viaxe de Totó', 'Axóuxeres 2009' e 'Os catro elementos', chega aos obradoiros Creativa cargada de contos orais, de libros, de textos dramatizados... Contos para soñar, rir e xogar.

[www.baobabteatro.com](http://www.baobabteatro.com)

## Xuntos coa maxia, co Mago Norberto

**Domingo 28 de novembro, 19.00 h**

En 'Xuntos coa Maxia' o mago Norberto pretende espertar o interese polo mundo da maxia: moedas que escapan das mans do espectador, que se duplican e aumentan de tamaño, xogos de cartas nos que o público está no centro de atención, rotinas visuais con cordas, maxia sorpresa, risos e sobre todo curiosidade.

[www.magonorberto.com](http://www.magonorberto.com)

## MICROFESTIVAIS

A cultura por dentro

Programación específica para os públicos en formación

Infantil

Xoves 25 de novembro, 12.00–14.00 h

**Mamá Cabra / Contadores de contos / Clown**

Xuvenil

Venres 26 de novembro, 10.00–11.30 h

**Os mundos secretos da poesía e do hip hop**

Branca Novoneyra / Iria Pinheiro / David Vieites, alias "Hevi" e o seu Malandrómeda

Universitario

Venres 26 de novembro, 12.00–14.00 h

**Poesía, texturas sonoras e o audiovisual camiñando xuntos**

Dj Lassa / Branca Novoneyra / Iria Pinheiro



[www.creativacultural.com](http://www.creativacultural.com)

[www.agadic.info](http://www.agadic.info)

## **AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais**


Rúa da Vesada s/n, San Lázaro  
15703 Santiago de Compostela  
Telefonos: 981 577 126 / 981 577 128  
Fax: 981 577 127 • [agadic@xunta.es](mailto:agadic@xunta.es)



**CULTURGAL 2010**

[www.culturgal.com](http://www.culturgal.com)

### FINANCIADO POR



PROGRAMA  
COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA  
ESPAÑA ~ PORTUGAL  
COOPERAÇÃO TRANSFRONTEIRICA  
2 0 0 7 - 2 0 1 3

Unión Europea  
FEDER



Investimos no seu futuro



INDUSTRIA CULTURAL  
GALICIA - NORTE DE PORTUGAL

**AGADIC**



Axencia Galega das  
Industrias Culturais



**XACOBEO 2010  
Galicia**



MINISTÉRIO DA CULTURA  
DIRECÇÃO REGIONAL  
DE CULTURA DO NORTE



**XUNTA  
DE GALICIA**